



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453184 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: BDF

Expte núm.: 2022/E001/000028

ANUNCIO

Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, dunha praza de auxiliar de axuda a domicilio do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de 1 praza de auxiliar de axuda a domicilio do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante a Resolución núm. 2697/2023, do 11 de decembro de 2023, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, adoptou na súa sesión do 21/12/2023 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro (BOP A Coruña núm. 231 do 07/10/2022) e da base 6ª das bases específicas para a cobertura dunha praza de auxiliar de axuda a domicilio (BOP da Coruña núm. 241 do 22/12/2022), os seguintes acordos:

Primeiro.- Efectuar a valoración da fase de concurso co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Caínzos Prieto, María Carmen	30 puntos	20 puntos	50 puntos

Segundo.-Declarar apta a aspirante na realización da proba de galego convocada para as 10:00 horas do mesmo día 21 de decembro do 2023, conforme ao establecido na base sétima das bases específicas da convocatoria, por non ter acreditado que está en posesión do Celga 3.

Terceiro.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), concédese un prazo de cinco (5) días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio da valoración efectuada no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes, así coma na páxina web municipal, para a presentación das reclamacións que estimen pertinentes.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, Beatriz Domínguez Ferreiro, na data da sinatura dixital.